

Los pescadores de xarda de la zona presionan en Oviedo por otro reparto de cuotas

► El día 11 tendrán una reunión en Madrid y a raíz de sus resultados decidirán si continúan realizando más acciones de protesta

P.V.

A MARIÑA. Varios representantes de las cofradías mariñanas, así como diversos pescadores de los puertos de la comarca se desplazaron ayer a Oviedo para protestar junto a sus compañeros de Asturias por el criterio en el reparto de cuotas para la pesca de la xarda. Defienden que se cumpla la ley y se atiendan a criterios históricos a la hora de decidir dichas cuotas, pero su reivindicación pasa por reclamar que el peso de esa circunstancia histórica no sea tan determinante como lo es en la actualidad y se tengan en cuenta otros factores.

Consideran que de no ser así será un problema muy grave para la economía de los pescadores mariñanos. El patrón mayor de Burela, Basilio Otero, explicó que en la jornada de ayer decidieron desplazarse hasta Oviedo para participar en esta movilización porque recordó que sus compañeros de Asturias «xa viron hai tempo o que estaba sucedendo e o que podía pasar se esta situación non cambiaba».

Le acompañaron los patrones mayores de Ribadeo y Foz y Otero recordó que el próximo día 11 de abril mantendrán una reunión en Madrid con responsables del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación para exponerles su problemática, sus demandas y ver cuál es la postura que mantiene el Gobierno.



Representación comarcal y gallega, ayer en Oviedo. AMA

Avanzó que a raíz de ello «xa veremos o que facemos e cal será o noso seguinte paso, se temos que seguir coas mobilizacións ou non», comentado Otero.

En el acto de protesta de ayer en Oviedo, según informó la agencia Efe, pescadores de diversas cofra-

días del Cantábrico repartieron gratuitamente un total de cinco toneladas de xarda entre los ovetenses que se acercaron a recogerla al parque de San Francisco o al Paseo de los Álamos para solicitar así la supervivencia de la flota artesanal.

Loureiro espera que la Xunta «non minta» y licite el saneamiento de la ría este año

DELEGACIÓN

VIVEIRO. La alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, insta a la Xunta a cumplir su palabra de licitar este año las obras proyectadas para mejorar el saneamiento de la ría. «Agardamos que sexa verdade e non unha mentira máis por parte do PP. Os veciños levamos case dez anos escoitando promesas incumplidas asegurando van iniciar os traballos para poder solucionar o problema dos verquidos pero nunca se fixo nada», critica.

Loureiro afirma que para el Concello siempre fue una prioridad el saneamiento de la ría y asegura que llevan «moito tempo traballando». «Desbloqueamos o proxecto. Fixemos todas as xestións para que saíra adiante, mantivemos reunións en Madrid con Costas e en Santiago con Augas para que chegasen a un acordo e iniciasen os traballos, e hai cinco meses acadamos o compromiso da directora de Augas de que no 2019 comezarían as obras pero non volvemos ter noticias ao respecto», dice.

La alcaldesa recuerda que ya en 2010 la UE exigió el saneamiento de la ría y la Xunta anunció una inversión de cinco millones a acometer en 2015. En el 2016 el Concello y Augas firmaron el convenio para las actuaciones, «cunha rebaixa de 2 millóns de euros no investimento inicial».

Por otro lado Loureiro acusa al diputado del PP Jaime de Olano de «non facer ningunha xestión» en este asunto.

Foz destina el 80% de los fondos del plan único a arreglar viales en cinco parroquias

DELEGACIÓN

FOZ. El Concello de Foz destina más del 80% de los 410.000 euros que le corresponden del Plan Único de la Diputación a mejorar accesos a núcleos de Cangas, Nois, Fazouro, San Martiño y Santa Cilla.

«É necesario seguir con ese plan de mellora dos accesos das parroquias e neste caso apostamos polo aglomerado en quente, que dá moita máis calidade», detalló el alcalde, Javier Castiñeira. Algunos de los viales que se arreglarán son los de Alemparte a Vilaamor en Cangas, de Cabanas a Lamallada y del apeadero a Caparcide en Nois, de Bargado a Lousada en Fazouro, el vial de Xinzo hasta el alto del Carmen en San Martiño y otros dos accesos en Santa Cilla.

Asimismo el Concello incluye en el plan único la reforma del alumbrado de la calle Eduardo Pondal, a petición de la nueva asociación, con 48.000 euros, unha inversión «na liña que leva o equipo de goberno nestes últimos anos de mellorar os alumbrados do concello», dijo. Añadió que otros 37.652 euros se destinarán a actuaciones en materia de cultura, deportes, turismo y fomento del empleo.

«Son en total 421.496,78 euros, dos cales o Concello de Foz ten que aportar 11.412,60. Estamos contentos porque é unha aposta polas necesidades básicas das parroquias, onde está practicamente o 45% da nosa poboación», apuntó Castiñeira sobre el reparto.

En tempos escuros, hai que rirse

A GORA QUE chega a Semana Santa e que cada ano desempoamos as esculturas que noutros tempos acompañaban os actos sacramentais, e que os nosos veciños se visten de capirotos, traxes con faldóns e que todo parece negro e escuro, un párase a pensar en que nesta sociedade temos un exceso de solemnidade. Sufrimos sobre todo de momentos históricos ou pseudohistóricos.

Abres a fiestra e sentes de fondo unha fuga de Bach. Miras as noticias e todo o mundo ten cara de can e mira ao infinito e máis aló. Un dos indicadores máis fiables da gravidade da situación é a cantidade de esdrúxulas que se empregan.

Di Scott Weems que a única



POR ALFONSO OTERO REGAL

maneira de afrontar a tensión da existencia é co humor. De feito, o humor é a resposta natural a calquera conflito, calquera malentendido, calquera cabreo; o humor, amables lectores de domingo, é o sal da vida.

Rir é un proceso que converte a batalla entre os sentimentos e os pensamentos. Tamén din, por certo, que os chistes máis divertidos teñen exactamente 103 palabras, que o animal máis gracioso é o pato ou que o día máis divertido do mes é o 15.

Debemos saber rimos primeiro

de nós mesmos e, despois, de todo un pouco. Somos un breve lapso de tempo no reloxo da humanidade, que é un segundo na historia do Universo. Somos unha nota ao pé de páxina. Non nos tomemos nada, nin a nós mesmos, demasiado en serio. Debemos rir máis de todo isto.

Rimos por exemplo das caras dos conselleiros que acompañan ao presidente nunha declaración solemne e especialmente das súas mans. Non saben que facer con elas e velos alí como dous brazos orfos pegados a un corpo. Rimos tamén da desaparición de cousas que faciamos hai uns anos e hoxe nos parecerían ridículas.

Hai pouco pasando pola praza Sant Jordi de Barcelona vin saír nun acto protocolario aos mozos

de escuadra que seica por unha tradición visten alpargatas desas que se amarraban con cintas polas pernas arriba, entroume unha risa desas que sentan mal ao veciño... pero a min escagalloume.

Hai que rirse do peiteado do presidente, das cellas daquel outro político, dos tuits do Rufián ou da estética hipster que algún que outro paleta leva como se dun uniforme se tratara. Rimos do whatsapp que me pasou alguén que me di que o primo dunha botadora de cartas lle dixera que cre que a independencia de Galicia será un martes.

E do comportamento e malos tratos da policía ou similares? Dirédesme. Pois máis que con ningunha outra cousa: O humor é o antídoto máis eficaz contra a violencia. Así que esta é a miña

oración para a vosa Semana Santa. Sede solemnes, chorade ao paso da imaxe esa chea de sangue e dor, da virxe milagreira, ata do cristo negro que estrean este ano en Burela, remarcade o sentido histórico cada cinco minutos, pero sin esquecerse de pasar tempo en mirar ao infinito e máis aló.

De acordo. Pero de cando en vez, lembrade que todo é un pouco absurdo, un punto gracioso, algo grotesco. E non deixedes de encher os vosos muros de patos, como mínimo, cada día 15 días de mes, eu non podo xa ter patos, regaleinos xa que os aborrecibles de Augas de Galicia sacaron a auga do rego pequeno de Xunqueira que era onde vivían e xogaban. Igual un día abro a fiestra e xa non sinto máis Bach, senón aquela banda sonora eterna de Benny Hill dando losqueadas a quen o rodeaba.